

A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural


Museo do Pobo Estradense
MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA

Núm.
2001

4

A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural



Comité de Redacción:

OLIMPIO ARCA CALDAS

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ BASCUAS

JOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

MANUEL MOSQUERA AGRELO

Coordinación:

XOÁN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA. MUSEO M. R. PORTELA

2001

ÍNDICE

Presentación	7
Sobre o nome da Estrada	11
<i>Fernando Cabeza Quiles</i>	
Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía	23
<i>Juan L. Blanco Valdés</i>	
Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850	53
<i>Juan Andrés Fernández Castro</i>	
Medicina popular en terras de Taboada (A Estrada-Pontevedra)	87
<i>Manuel Reimóndez Portela</i>	
A <i>translatio</i> dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda - A Estrada	109
<i>Mario Blanco Fuentes</i>	
<i>Xoán Andrés Fernández</i>	
Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego	141
<i>Josefa Rey Castiñeira</i>	
<i>Manuel Rodríguez Calviño</i>	
O próximo vivido	169
<i>Manuel Pereira Valcárcel</i>	
<i>Pilar Gaspar</i>	
Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense	181
<i>Olimpio Arca Caldas</i>	
Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra) 1887 - 1996.	211
<i>Angel Miramontes Carballada</i>	

NOVAS IMAXES DA ARQUEOLOXÍA CASTREXA ESTRADENSE A TRAVÉS DAS COLECCIÓNBS BOUZA-BREY E FRAGUAS FRAGUAS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Josefa Rey Castiñeira

(Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela)

Manuel Rodríguez Calviño¹

(Museo do Pobo Galego)

1. APORТАCІОNS DE BOUZA-BREY TRILLO E FRAGUAS FRAGUAS.

Á hora de falar da arqueoloxía estradense son de referencia obligada os traballos arqueolóxicos realizados por dúas das figuras más senlleirás da cultura galega do século XX, D. Fermín Bouza-Brey e D. Antonio Fraguas Fraguas, ámbolos dous estrei-

¹ Alumno de Terceiro Ciclo do Programa de Doutoramento (1997-1999) da Universidade de Santiago de Compostela, baixo a dirección da profesora Dª. Josefa Rey Castiñeira.

tamente vincellados ós ideais do *Seminario de Estudios Galegos*, moi preocupados polo coñecemento e difusión da cultura do noso país, e que foron os autores das primeiras intervencións arqueolóxicas no concello estradense, que logo se patentizaron en numerosas publicacións, ainda que tamén abordaron temas de antropoloxía, etnografía, historia, epigraffía ou literatura,(Porto, 1992).

O feito de que existan numerosas publicacións referentes ó concello de A Estrada e a súa comarca na obra destes dous persoaxes ven dado por que o destino profesional de cada un deles foi o mesmo, a vila da Estrada.

D. Fermín Bouza-Brey, xuiz de profesión, desempeña este cargo na vila dende o ano 1930, e ata 1943, e D. Antonio Fraguas Fraguas inicia a súa carreira docente no ano 1933, xa que tras aprobar as oposicións, no mes de outubro do mesmo ano incorpórarse como catedrático de Xeografía e Historia ó



Mestres do instituto no Castro de Trasmonte (5 de maio de 1934)²

2 O noso agradecemento a D. Manuel Sanmartín pola documentación e información prestada, así colmo á Dirección e persoal do Museo do Pobo Galego por permitir a publicación dos materiais e facilitar a súa consulta.

recién inaugurado e entonces denominado *Colegio Subvencionado de Segunda Enseñanza*, creado ó igual que en outras vilas do país polo *Ministerio de Instrucción Pública* da República, e ata que en 1936 co estalido da Guerra Civil o instituto péchase e D. Antonio Fraguas é suspendido de emprego e soldo por motivos políticos, xa que foi tal a súa vinculación coa Estrada que chegou a presentarse como candidato á alcaldía da vila no ano 1936, sendo o secretario do Partido Galeguista.

A actividade cultural desempeñada polos dous non se restrinxeu só ó ámbito persoal, e ó interese científico de cada un deles, senón que a súa laboura tivo unha canle que foi a docente. Encargáronse de organizar toda unha serie de actividades paralelas ás aulas, tales como excursións, no centro educativo creáronse dous museos, un de ciencias e outro de historia e arqueoloxía, pero destacan sobre todas elas, polo que supón de novedoso para o momento, a realización de prospeccións e escavacións arqueolóxicas en diferentes xacementos do concello e comarca, destacando principalmente as practicadas en xacementos castrexos, nas que participaban activamente os alumnos, e nas que se recopilaba o material que logo formaba parte do museo, xunto co aportado polos alumnos procedente de achádegos.

Reflexo claro destas actividades é o artigo *Castros de la Comarca de La Estrada*, (Bouza, 1944), resultado dun amplio traballo de investigación. Os traballos de campo como deixa claro o autor no artigo, foron realizados por D. Antonio Fraguas cos seus alumnos: *exploraciones efectuadas con anterioridad a 1936, en diversos cursos, por el Profesor don Antonio Fraguas con sus alumnos*, (Bouza, 1944). Durante estas escavacións e prospeccións foron realizadas toda unha serie de fichas e inventarios de materiais das que se descoñece o seu paradeiro.

Foron moitos os xacementos estudiados. No caso dos castros a casi totalidade dos existentes no concello, ainda que non todos ca mesma intensidade, debido a que boa parte deles foron só prospectados e recoñecidos visualmente, destacando varios nos que se realizaron escavacións e sondaxes de diferente magnitude.


XACEMENTO	LUGAR	PARROQUIA	INTERVEN.
Castro de Ribela	Entrecastrelos	Ribela, Santa Mariña	Escavación
Castro de Trasmonte	Eira dos Mouros	Barbude, San Martiño	Escavación
Castro de Guimarei	Rial	Guimarei, San Xiao	Escavación
Coto dos Castros	Coto dos Castros	Arnois, San Xiao	Esc. veciño
Castrovite	Castrovite	Orazo, San Pedro	Expl. superf.
Castro Perroño		Arca, San Miguel	Expl. superf.
Castro de Ancorados	O Castro	Ancorados, San Tomé	Expl. superf.
Castro Aldea Grande	Aldea Grande	Callobre, San Martiño	Expl. superf.
Castro de Friamonde	Friamonde	Callobre, San Martiño	Expl. superf.
Castro de San Miguel	Castro	Castro, San Miguel	Expl. superf.
Castro de Couso	Castro	Couso, Santa María	Expl. superf.
Castro de Loimil		Loimil, Santa María	Expl. superf.
Castro de Viladafonso	Viladafonso	Olives, Santa María	Expl. superf.
Castro de Ouzande	Castro	Ouzande, San Lourenzo	Expl. superf.
Castro de Remesar	A Iglesia	Remesar, San Cristobo	Expl. superf.
Castro de Pardemarín	Castro	Pardemarín, Santa Baia	Expl. superf.
Castro de Pardemarín	Castrelo	Pardemarín, Santa Baia	Expl. superf.
Castro da Somoza	Castrorramiro	Somoza, A ,San Andrés	Expl. superf.
Castro de Tabeirós	Outeiro	Tabeirós, Santiago	Expl. superf.
Castro S. Bartolomeu	S. Bartolomeu	Vea, San Xiao	Expl. superf.
Castro de San Xurxo	Outeiro	Vea, San Xurxo	Expl. superf.
Castro de Sta Cristina	Casa do Monte	Vea, Santa Cristina	Expl. superf.
Castrotión	Castrotión	Oca, Santo Estevo	Expl. superf.
Castro das Quintas	Quintas, As	Cedeseda, San Xurxo	Expl. superf.
Castro Loureiro	Alto da Cruz	Arcos de Furcos, San	Unha cata
Castro de Marcenlos	Marcenlos	Cedeseda, San Xurxo	Unha cata
Castro de Matalobos		Matalobos, Santa Baia	Varias catas

Como resultado dos mencionados traballos arqueolóxicos foron exhumados toda unha serie de materiais arqueolóxicos de distinto tipo, entre os que destacan os cerámicos, ainda que en menor proporción tamén fragmentos de pallabarro ou enlucidos, doas oculadas de pasta vítreas, fusaiolas ou machados líticos

pulidos, publicados en parte no mencionado artigo ou en outros como *A propósito de un objeto lítico del Castro de Ribela*, (Bouza, 1935).

Estos materiais foron depositados no *museo de historia* creado no instituto estradense do momento, no que D. Antonio Fraguas ademais de mestre era o secretario, desaparecendo parte deles no momento en que estala a Guerra Civil e se pecha o centro, que é saqueado.

Así e todo, o interese pola cultura da vila se patentizou na relación de amizade que os dous tiñan con persoaxes da vida política, social e cultural do momento, que en casos se mantivo moitos anos. No caso concreto de D. Antonio Fraguas, foi unha



persoa moi querida e admirada na vila, especialmente polos alumnos. Como xa se dixo chegou a ser o secretario do partido galeguista na vila, xunto con D. Mundo Blanco, chegando a dar mitíns a favor do estatuto co propio Castelao, pero o mundo da cultura tamén estaba presente no seu marco de relacións e no de Fermín Bouza-Brey como é o caso de D. Manuel García Barros, *Ken Keirades*. Reflexo disto é a carta enviada a D. Fermín o 13 de outono de 1961, xunto ca que se remite unha peza arqueolóxica, un machado lítico pulido procedente da parroquia de Callobre, carta enviada moito despois de que D. Fermín deixase o seu posto como xuiz na vila, o que demostra que existira e axistía nese momento un intercambio de información e documentación, e o que é mais importante, uns ideais comúns e un gran interés pola nosa cultura.

2. OS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS E O MUSEO DO POBO GALEGO

Dende que os materiais arqueolóxicos atopados nas intevencións realizadas na Estrada a principios da década dos anos trinta do século XX son publicados por D. Fermín Bouza Brey no ano 1944 en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tras serlle entregada parte da documentación por parte de D. Antonio Fraguas ó peche do centro, estes créronse desaparecidos tras o saqueo efectuado ó centro educativo ó facerse cargo del o concello tras o levantamento do dezaoito de xullo de 1936, e a posterior remisión de documentación ó instituto pontevedrés.

Será no ano 1997 cando se teñan as primeiras novas deste material, a raiz do depósito efectuado pola familia de D. Fermín Bouza-Brey ó Museo do Pobo Galego, composto por unha parte da súa ampla biblioteca, parte da súa colección de gravados, e ademais unha ampla colección de materiais arqueolóxicos de procedencia moi variada, entre os cales hai que destacar unha parte dos publicados en 1944 da comarca de A Estrada, xunto con documentación referente á procedencia dos mesmos ou unha carta de D. Manuel García Barros.

Haberá que esperar ó ano 1999 para que co legado duna nova colección bibliográfica e de outra documentación chegue ó museo outra parte dos materiais arqueolóxicos citados anterior-

mente, boa parte deles estudiados e diseñados no artigo de 1944. Unha colección de materiais arqueolóxicos que foron rescatados do instituto de A Estrada tras os sucesos políticos do 1936.

A colección de materiais arqueolóxicos procedentes do concello estradense está formada por un total de 88 pezas, na maior parte fragmentos cerámicos de diferentes tamaños e características, procedentes dos xacementos nos que se realizaron escavacións.

De algunhas delas coñécese o xacemento do que proceden, ben polas anotacións que as acompañaban, ben polos datos que se tiran da publicación. Ainda así, dun porcentaxe moi alto, case o 50 % só se sabe que proceden de xacementos de A Estrada.

NÚMERO E CARACTERIZACIÓN DOS MATERIAIS

<i>Nº Total de pezas</i>	<i>Cerámica</i>	<i>Líticos variados</i>	<i>Machado pulido</i>	<i>Pallabarro</i>	<i>Doa pasta vítreo</i>	<i>Fusaiola</i>
88	77	5	2	2	1	1

NÚMERO E CARACTERIZACIÓN DOS MATERIAIS

<i>Xacem.</i>	<i>Cerámica</i>	<i>Fusaiola</i>	<i>Doa de pasta vítreo</i>	<i>Machado pulido</i>	<i>Outros líticos</i>	<i>Pallabarro</i>
Castro Guimarei	28	1	1	1	4	2
Castro Ribela	4				1	
Castro Trasmonte	1					
Castro Trasmonte e Matalobos	3					
Callobre;?				1		
A Estrada. Indeterm.	41					

Sel-Tousada

Outono 13
1961

Dr D Fermín Bouza-Brey

Caro e supetado amigo: Recibiu a ma carta con todo o
demais que me mandou. Muitas gracias. Pista mandaelle
o que podesen axuntar remexendo nos meus recorres. Se
me faga ala pola minha pornografia, ferres, que sois algo
porcada recoller, pero, en xerxa non lle saile dous. Leio che-
go a Errada algun dia da feira priuas, pola tarde que é cunha
cuen vai igla por volta. Non instantaneamente veo a Errada "La
Casa de la Zorra" que logo consoña de habella visto en cinc anos. Ten-
tos desexos me doren de vela, que, na tardeira, preanteime no sel en pre-
cua de morrere de pernel na vila: esche mato, burro, an e que souce.
A tarde baixaba e non aparscia nadal. En vista disto detinorriam
agardar andando. E andando, e agardando, as vito en punto estab-
a porta do Principal estendendo a entreada. E, naturalmente, vim a dor-
mir a esa, como tantas veces tivera feito. Pero, eviso do o río, tam-

apilou o meu con unha lebre -----

Recibiu preusa de Bozalres, "Palice" e "Lugo," e por nome de D.
Xosé Ramón "Alén" mo "órgão da asociación "Fillos de Galegos" que
se apresenta cun fogaxe que dás xerio. Da Sociedá "Fillos de
Galegos" é un tal Carlos Abraira que pronunciou na devandita
sociedade unha magnifica conferencia que se imprimiu en uns
fermos tomos de 30 páxinas, que me remite tamén a Xosé Ramón.

E an consoño e ver que non era banda o patrullismo dos emigrados
non devala. Por... devandito proxecto enteiriño de acto de ce-
presentación de "Os fillos non os ten namorais" na praça da Quinta
de San Xoán, que coincide é a meirande das literarias, que deben ser causa tremenda.
Fai a vinte anos que non vaxo Santiago, e un pouco mais. Vixi as duas
ciudades que lle tivo e lle tevo moi ben -----

Muitas pesadas pedras folletos, que me mandou. E a propó-
sita da hebda, en atopei, levando nel miña unha pedra tamén regalada
máchela. E unha pedra moi pulida e moi pesada con verdos parés colo
é acero, e polo peso tamén fagura moi ferro que pedra. O que lle
falla e o artigo do monje. Mirando o desenho aparte

Graximais por todo. Leio por afora

San Keirades

Colección Bouza-Brey. Museo do Pobo Galego.

Sol-Pousada
Outono 13
1961

Sr. D. Fermín Bouza Brei

Caro e respetado amigo: Recibín a súa carta con todo o demais que me mandou. Moitas gracias. Coista mándolle o que puiden axuntar remexendo nos meus recordos. Se me fora alá pola miña parroquia, Berres, quizais algo poidera recoller, pero, en agora non lle sailo dai-qui. Soio chego a Estrada algún día de feira, poucos, pola tarde, que é coma quen vai ida por volta. Non austante cando veu a Estrada "La Casa de la Troya" que soio a conoscía de habela visto en cine mudo, tantos desexos me deron de vela , que xa tardeiro, pranteime no Sol en precura de maneira de porme na vila: coche, moto, burro, ou o que saíra. A tarde baixaba e non aparecía nada. En vista dilo detremineime agradar andando. E andando, e agardando, as oito en punto estaba á porta do Principal collendo a entrada. E, naturalmente, vin a dormir á casa, como tantas veces tiña feito. Pero, como di o refrán, apillou o meu can unha lebre ...

Recibín prensa de Bos Aires, "Galicia" e "Lugo", e por man de D. Xosé Ramón "Alen Mar" '[orfas] da asociación "Fillos de Galegos" que se apresenta cun fogaxe que da xenio. Da Sociedá "Fillos de Galegos" é un tal Carlos Abraira, que pronunciou na devandita sociedade unha mainífica conferencia que se imprimeu en un fermoso tomo de 30 páxinas, que me remite tamen D. Xosé Ramón.

É un consolo o ver que por esa banda o patriotismo dos emigrados non devala. Polos devanditos periódicos entereime do auto de representazon de "Os vellos non deben de namorarse" na praza da Quintana, que coido que é a mesma dos Literarios, que debeu ser cousa grande.

Fará vinte anos que non vexo Santiago, e un pouco mais, Vigo, as duas cidades que lle tiña e lle teñó mais lei...

Moitas gracias polos folletos que me mandou. E a propósito da hacha, eu atopei cavando na miña unha pedra tamén fegurada macheta. É unha pedra moi pulida e moi pesada, cor verdoso, parecido ó aceiro, e polo peso tamén fegurada mais ferro que pedra. O que lle falla é o sitio do mango. Mando deseño aparte.

Graciñas por todo. Sempre [afin]

Ken Keirades

CASTRO LOUREIRO ou de OURELA³

(Bouza Brey 1944: 11-15)

Alto da Cruz, San Breixo de Arcos de Furcos, Cuntis, Pontevedra

Emprazamento: • En ladeira • Dominio de terreos de cultivo
• 5026 m²


Defensas: • Malas condicións de defensa
• Varios parapetos na entrada • Entrada en zig-zag
• Escalaera na entrada

Traballos arqueolóxicos:

- Excavación: • Unha calicata
- Exploración superficial: • Detectáronse casas circulares

Cerámica castrexa:

- Un fragmento decorado con cordóns rectos e curvilíneos de complexa organización.





³ O Castro Loureiro, aínda que pertence ó Concello de Cuntis, foi incluído por ser publicado polos autores convxuntamente cos da Estrada.

CASTRO DE TRASMONTE OU BARBUDE

(Bouza Brey 1944: 17-22)

Eira dos Mouros, San Martiña de Barbude. A Estrada. Pontevedra

Emprazamento: <ul style="list-style-type: none">• Pequeno outeiro• Domina terreos de cultivo• 9965 m²	
Defensas: <ul style="list-style-type: none">• Malas condicións naturais• Foso e parapeto con posibles torreóns na entrada	
Traballos arqueolóxicos: <ul style="list-style-type: none">• Excavación casas circulares	Estado de conservación: <ul style="list-style-type: none">• Moi alterado polo campo da festa
Moenda: <ul style="list-style-type: none">• Muíños de man (tres)	Comercio: <ul style="list-style-type: none">• Anfora (3 fragmentos)
Líticos: <ul style="list-style-type: none">• Pedras de afiar (dúas)• Cuarzos brancos de pequeno tamaño (varios)	
Arte rupestre: <ul style="list-style-type: none">• Rocha con cazoletas. Moi deteriorado.	
 	
	

CASTRO DE MATALOBOS

(Bouza Brey 1944: 15-17)

Santa Baia de Matalobos. A Estrada. Pontevedra

Emprazamento: • Pequeno outeiro • No val
• Dominio dos terreos de cultivo • 2.695 m²



Defensas: • Malas condicións naturais • Foso e parapeto
• Maior reforzamento na entrada

Estado de conservación: • Muralla e croa alteradas por unha pista

Moenda: • Muiños de man (varios)	Líticos: • Pedras de afiar
--	--------------------------------------


Romano: • Un ara con restos de inscrición nos muros da igrexa parroquial

Traballos arqueolóxicos: • Cata nunha casa circular



Cronoloxías Matalobos/Trasmonte: • Castrexo medio (IV aC-II aC) (Tipoloxía cerámica)
• Castrexo final (II aC - I dC) (Tipoloxía cerámica)

CERÁMICAS DOS CASTROS DE TRASMONTE E MATALOBOS⁴

<ul style="list-style-type: none">• Xarra Toralla (%)• Tradición Rías Baixas• Fase media (IV-II aC)	<ul style="list-style-type: none">• Vasixas Vigo• Tradición Rías Baixas• Fase Final (II aC - I dC)
	



Borde monofacetado: • Tradición Rías Baixas	
	


4 Fotografías e debuxos de: F. Bouza-Brey Trillo, Moisés Janeiro, Manuel Sanmartín e Manuel Rodríguez Calviño.

CASTRO DE RIBELA

(Bouza Brey 1944: 22-29)

Entrecastrelo, Santa Mariña de Ribela. A Estrada. Pontevedra

Emprazamento:	<ul style="list-style-type: none">• Zona alta• Emprazamento estratégico• Gran dominio do entorno
Defensas:	<ul style="list-style-type: none">• Boas condicións naturais• Tres recintos con fosos e murallas
Traballos arqueolóxicos:	
<ul style="list-style-type: none">• Excavacións: – Muralla 2º recinto, de 80 cm. de ancho– Varias casas de diferente tipo. Unha circular, de 4 m. de diámetro, de bo aparello, ancho do muro, 45 cm, cimentación na rocha, sin evidencias de porta.• Remocións de vecinos: – Rúa enlousada do 2º recinto, paralela ó terraplén do 1º recinto.	
Moenda:	Actividade textil:
<ul style="list-style-type: none">• Muiños circular	<ul style="list-style-type: none">• Fusaiola
Metalurxia: • Anaco de machado de ferro • Lingotera	
Comercio: • Asa de ánfora	
Mundo romano: • Anaco cerámico con epígrafe CAMAI	
	
	




Cronoloxías: • Castrexo final, II aC - I dC (Tipoloxía cerámica castrexa)

CERÁMICA DO CASTRO DE RIBELA

- Vasixa Vigo

Castrexo Final (II aC-IdC)



BB. 5299



BB. 5300

Decoracións plásticas típicas do Castrexo final (II aC-IdC)

Craveteados
componendo zig-zags



BB. 5295

Craveteados en compo-
siciones complejas









Punta de
diamante



Estampillados ¿Tradición Miño?





Impresos e estampillados típicos de Castrexo final (II aC-IdC)			
¿Esferillas en zig-zag?		Segmentos e cuneiformes	Triángulos estampillados
			
Serpentiformes estampillados		Vasixa perlada Efecto plástico obtenido con troquel	
			
Decoracións incisas			
¿Tradición Miño?	Zig-zag		Camal
	 BB. 5288		
Conta de colar oculada			
	 FF. 7384		

CASTRO DE GUIMAREI

(Bouza Brey 1944: 30-38)

Rial. San Xiao de Guimarei. A Estrada. Pontevedra


Emprazamento:	<ul style="list-style-type: none">• Pequeño outeiro• No val• Dominio de terreo de cultivo • 8.651 m²
Defensas:	<ul style="list-style-type: none">• Malas condicións de defensa• Fosos e parapetos
Traballos arqueolóxicos:	
<ul style="list-style-type: none">• Excavacións: – Casa circular de 9 m. diámetro, 40 cm. ancho de muro, 1. a máxima altura conservada, sen evidencias de porta.	
Estado de conservación:	
<ul style="list-style-type: none">• Na actualidade modificado pola construcción de vivendas no entorno e parapeto, especialmente o parapeto do flanco.	
Actividade téxtil: • 3 fusaiolas completas e 2 fragmentadas	
Metalurxia: • Lámina de bronce. Crisol. Molde de fundición.	
Comercio : • Doas de pasta vítrea (unha completa, outra fragmentada)	
Lípicos:	<ul style="list-style-type: none">• Prismas de cuarzo• Pedra granítica con orificio central• Triángulo lítico pulido• Machado pulido• Pequena peza lítica con forma de machadiño
	
	



- Cronoloxías:
- Castrexo medio IV-II AC (tipoloxía cerámica)
 - Castrexo final (II aC - I dC) (tipoloxía cerámica)

CERÁMICA DO CASTRO DE GUIMAREI


- Vasixa tipo Forca
- Tradición Miño
- Fase media
- IV - II AC




- Bordes facetados cóncavos
- Típicos do castrexo final (II aC - I dC)




• Vasixas tipo Vigo • Tradición Rías Baixas • Fase final (II aC-I dC)



Decoracións plásticas • Fase final (II aC - I dC)

Efectos plásticos feitos con estampado	Efecto e xesto do claveteado
	
BB. 5291	FF. 7393
Vasixa perlada	Puntas de diamante
FF. 7399	
	FF. 7398



Decoracións estampilladas

			
FF. 7392	FF. 7396 / 7473	FF. 7394	FF. 7397


Tradición Miño

Fase final (II aC - I dC)

Decoracións incisas • Fase Final (II aC - I dC)

		
FF. 7391	FF. 7395	BB. 5287


Líticos e fusaiola cerámica

	
FF. 7415	BB. 5224
	
BB. 5229	FF. 7382
	
FF. 7366	

CERÁMICA DOS CASTROS DA ESTRADA

(Procedencia intederminada)

- Vasixa forca (%)
- Tradición Miño
- Fase media (IV-II aC)




FF. 7416

- Asa




FF. 7426



FF. 7426

- Bordes facetados (%)



FF. 7423




FF. 7425



BB. 5294

- Vasixas Vigo (%) • Tradición Rías Baixas • Fase final (II a C - I dC)

Variante A



FF. 7411




FF. 7413



BB. 5303



FF. 7417



FF. 7420

• Variante A




BB. 5302




FF. 7424

• Variante B





FF. 7421



FF. 7422



BB. 5304

DECORACIONES REGISTRADAS			
• Fase Final (II aC - I dC)			
Cordones lisos			
Secciones triangular		Secciones tubular	
			
Puntas de diamante			
Feitas con incisión basculante			Feita con impresión dixitada ¿medieval?
			
Ef. plásticos feitos con estampado e incisión		Estampados	
Vasilla perlada		Cruces aspadas	Círcul. concéntricos
			

Machado pulimentado do Castro de Calobre



BB 5230

Xacemento	Cronoloxía tipolóxica	Nº	Tradición alfareira	Tipo cerámico Nº
A Estrada (Proc. indet.)	Indefinida	9	Indefinida	8
	Castrexo medio	2	Miño	3
	Castrexo final		Indefinida	13
		30	Noroeste	3 2
			Rías Baixas	15
Loureiro	Castrexo final?	1	Indefinida	1 V. Perlada
Matalobos/ Trasmonte	Indefinida	3	Indefinida	3 2
	Castrexo medio	1	Rías Baixas	V. Vigo
	Cast. medio/final	1		5 15
	Castrexo final	3		
Ribela	Indefinida	9		
	Castrexo medio?	1	Indefinida	20 Xerra Toralla
	Castrexo final	12	Rías Baixas	2 1
Guimarei	Indefinida		Indefinida	9
		11	Miño?	3
	Castrexo medio	1	Miño	1 3
	Cast. medio/Final	1	Septentrional	1
	Castrexo final		Indefinida	13
			Noroeste	4 V. Vigo
			Rías Baixas	7

CRONOLOXÍAS DOS CASTROS BASADAS NA TIPOLOXÍA CERÁMICA

	Bronce final			Ferro I			Ferro II			Galaico romano					
	-XI	-X	-IX	-VIII	-VII	-VI	-V	-IV	-III	-II	-I	I	II	III	IV
Matalobos/ Trasmonte															
Ribela															
Guimarei															
A Estrada															
Loureiro															

Bibliografía

- Blanco Fuentes, M.**(1998): Mais sobor do instituto da Estrada. Tabeirós Terra, III, pp. 19.
- Bouza-Brey Trillo, F.** (1944): Castros de la comarca de La Estrada. Cuadernos de Estudios Gallegos, I, Madrid.
- (1935): A propósito de un objeto lítico do castro de Ribela. Boletín de la Academia Galega.
- (1942): Grabado rupestre del castro de Codeseda. Boletín de la Real Academia Gallega.
- (1944): Ara romana inédita de Matalobos, La Estrada. Boletín de la Real Academia Gallega, XXIV, A Coruña.
- (1947): Epígrafe funerario medieval en ladrillo de Orazo. Cuadernos de Estudios Gallegos, II.
- Casares, C.** (1992): “Fermín Bouza-Brey”. Publicacións da Real Academia Galega, A Coruña.
- González Pérez, C.** (1998): “Antonio Fraguas Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben”. Galegos na historia. Ir Indo. Biografías, Vigo.
- Garrido, X.C.** (1998): O instituto do 33, unha oportunidade ó alcance dos estradenses.... Tabeirós Terra, III, pp. 6.
- Porto, J.A.; Paz Garça, F.X.**(1992): As Terras da Estrada na obra de Fermín Bouza-Brey. Guía bibliográfico. Contrarretanca. Revista de información de A Estrada.
- Rey Castiñeira, J.:** Cerámica castrexa decorada, Historia da Arte Galega, Fasc. 15, A Nosa Terra, pp. 226-238.
- Rey Castiñeira, J.** (1990-1991): Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia Occidental: Rias Bajas. Valoración dentro del contexto general de la Cultura Castreña, Castrelos, III-IV, pp.141-163.

Sanmartín, M. (1999): A derradeira lección de D. Antonio. *Tabeirós Terra*, VIII, pp. 5.

Vázquez Ramos, C. (coord.), (1992): Fermín Bouza-Brey. Catálogo da Mostra Bibliográfica organizada pola Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.